

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO
CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2007.-**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Gumersindo A. Rguez. Liz

CONCELLEIROS:

Dna. Begoña González López

Dna. Verónica Arias López

D. José Rodríguez Pérez

D. José López Díaz

Dna. M^a Jesús Gil Castro

D. Pablo Armesto Rodríguez

Dna. Yolanda Vázquez López

D. José Luis Díaz López

No salón de Sesiós da Casa Consistorial de O Páramo (Lugo), sendo as 19,45 horas do día 29 de Novembro do ano 2.007, e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Gumersindo A. Rodríguez Liz, reúnese en 1^a convocatoria o Pleno desta Corporación coa asistencia dos Sres. Concelleiros expresados á marxe.

Da fe do acto o Secretario titular da Corporación, D. Antonio Lorenzo Morandeira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pásase a análise dos puntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN BORRADOR ACTA SESIÓN ANTERIOR.-

Pola Presidencia sométese á aprobación do Pleno o Borrador da Acta da Sesión anterior celebrada o día 27 de Setembro de 2007, e pregunta aos Sres. Concelleiros se hai algunha observación ou reclamación que formular a súa redacción.

Intervén o Sr. Concelleiro do PSdeG-PSOE D. Pablo Armesto Rodríguez e solicita a corrección da devandita acta no punto 7.- Mocións Grupos Municipais.-, na moción presentada polo grupo municipal popular referida a "solicitud á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, reclamando arreglo da Estrada de Paredes a Estrada de Póboa de San Xiao a Portomarín", no parágrafo seguinte "sometido a votación, o Pleno da Corporación, con 7 votos a favor dos Sres. Concelleiros do Grupo Popular e do PsdeG-PSOE e 1 abstención da Concelleira do BNG, acorda dirixirse....", xa que o

sentido do voto do seu grupo non era favorable á postura do grupo popular, senón de abstención apoiando a intervención da Concelleira do BNG, debendo polo tanto correxirse no seguinte sentido “sometido a votación, o Pleno da Corporación, con 5 votos a favor dos Sres. Concelleiros do Grupo Popular e 3 abstencións dos Concelleiros do PSdeG-PSOE e da Concelleira do BNG.....”.

Sometida a aprobación a proposta de corrección de acta, queda aprobada con 8 votos a favor dos sres. Concelleiros do Grupo municipal Popular, PSdeG-PSOE e concelleira do BNG, e 1 abstención do Sr. Concelleiro de TEGA, por non estar presente na sesión nese intre.

Con esta observación e rectificación practicada á acta anterior, apróbase a mesma por unanimidade.

A.-PARTE RESOLUTORIA.-

2.- EXPEDIENTE ELECCIÓN XUIZ DE PAZ TITULAR.-

Seguidamente dase conta ó Pleno da Corporación do expediente iniciado para a elección do Xuíz de Paz titular deste Municipio, como consecuencia do remate do período de catro anos para o cal fora nomeada a persoa elexida no seu día , segundo o disposto no artigo 101 da Lei Orgánica 6/1.985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Considerando, que dentro do prazo aberto para a presentación de solicitudes , segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº236, do 13 de Outubro de 2.007 e Taboleiro de edictos do Concello, presentáronse 3 solicitudes para a provisión do devandito posto.

Aberto o turno de intervencións, o Sr.Alcalde propón ao Pleno o nomeamento de D. Alejo Fernández López como persoa idónea para o desempeño do posto de Xuíz de Paz Titular, dada a súa experiencia no cargo e tamén a súa condición de veciño residente no Municipio.

Intervén a Concelleira do BNG, Dna. M^a Jesús Gil Castro e manifesta que se debería haber dado unha maior publicidade no procedemento de selección desta praza, xa que así poderían haberse presentado máis candidatos do Municipio por estar interesados na mesma. Polo tanto vaise abster na votación.

Intervén o Sr. Concelleiro de TEGA D. José Luis Díaz López e sinala que está a favor da proposta da Alcaldía aínda que o currículum da persoa proposta non é

efectivamente o mellor.

Por último intervén o Concelleiro do PsdeG-PSOE e manifesta que se debería promover a igualdade no acceso ás distintas prazas municipais, valorándose neste caso a titulación de licenciatura en dereito de 2 dos candidatos. Por iso e pola residencia en Lugo propón se nomee a Dna. M^a Belén Guitián Arias para o cargo de Xuíz de Paz titular do Municipio.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria, con 6 votos a favor dos Sres. Concelleiros do grupo municipal popular e de TEGA, 2 votos en contra dos concelleiros do PsdeG-PSOE e 1 abstención da Concelleira do BNG, acorda:

- 1º.- Propoñer como Xuíz de Paz Titular deste Municipio , para o vindeiro período de catro anos, ó actual titular D. Alejo Fernández López, con DNI nº 33.818.921.
- 2º.- Remiti-lo presente acordo á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ós efectos do nomeamento da persoa designada.

3.- EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 5/2007.-

Seguidamente dáse conta do expediente número 5/2.007 sobre modificación de créditos dentro do estado de Gastos do Orzamento Municipal para o actual exercicio, no que se inclúen suplementos de créditos por un importe total de Dez Mil Euros (10.000,00 €), para facer fronte ás diversas obrigas a cargo desta corporación relativas ás partidas 0.33 "Intereses préstamos bancarios", 0.93 "Amortización Préstamos Bancarios" e 4.48 "Transferencias correntes a familias e Institucións sen ánimo de lucro".

O correspondente expediente tramitouse en virtude de Memoria da Alcaldía de data 16/11/2007, e decreto dictado como consecuencia da mesma, utilizándose como recursos para o seu financiamento os procedentes do remanente líquido de tesourería disponible do exercicio anterior.

Visto o informe favorable emitido por Secretaría-Intervención obrante no Expediente.

Aberto o turno de intervencións, a Concelleira do BNG e tamén o Concelleiro de TEGA, solicitan de Secretaría-Intervención aclaración sobre o expediente e destino das distintas partidas, dándose polo devandito funcionario cumprida información ó respecto.

Sometido votación, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria con 7 votos a favor dos Sres. Concelleiros do grupo municipal popular, TEGA e BNG e 2 abstencións dos concelleiros do PSdeG-PSOE, acorda :

- 1º.- Aproba-la proposta de modificación de créditos referida, nos termos contidos no expediente incoado.
- 2º.- Continua-la tramitación do expediente, coa inmediata exposición ó público, polo prazo de 15 días hábiles no Boletín Oficial da Provincia ós efectos do seu exame e reclamacións.
- 3º.- No suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse posteriormente a publicación no devandito B.O.P. e Taboleiro de Anuncios do Concello.

4.- PROPOSTAS DA ALCALDIA.-

Polo Sr. Alcalde maniféstase que máis que propostas trataríase de informes e vai deixar este punto para unha vindeira sesión plenaria.

B) PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

5.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA: DAR CONTA

En cumprimento do disposto na normativa vixente, dase conta ó Pleno da Resolucións adoptadas pola Alcaldía:

- Decreto da Alcaldía nº 35/2007, do 3 de Outubro, pola que se presta aprobación, a certificación nº 8 das obras de "Construcción edificio usos múltiples.Mobiliario", polo importe de 80.000,00 € autorizándose e dispoñéndose o gasto con cargo á partida 5.60 do orzamento vixente.
- Decreto da Alcaldía nº 36/2007, do 4 de Outubro, pola que se nomea a D. Evaristo Expósito Vázquez como Secretario-Interventor Accidental dende o 8 de Outubro de 2007 ata o 11 de Outubro de 2007, ámbolos dous inclusive, por vacacións do titular.
- Decreto da Alcaldía nº 37/2007, do 15 de Outubro, pola que se presta aprobación, coa conseguinte autorización e disposición do gasto e recoñecemento

de obrigas, a diversas facturas relativas ó suministro de materiais ou prestación de servizos.

- Decreto da Alcaldía nº 38/2007, do 17 de Outubro, pola que se presta aprobación á factura nº 540, da empresa CASMART LUCENSE SL, polo importe de 5.475,20 €, autorizándose e dispoñéndose o gasto e recoñecemento de obrigas con cargo á partida 4.21 do Orzamento vixente.
- Decreto da Alcaldía nº 39/2007, do 19 de Outubro, polo que se acorda concertar coa entidade Banco de Crédito Local unha operación de crédito a corto prazo polo importe de 50.000,00 € e prazo de 1 ano, con destino a Tesourería, e aprobación das condicións económicas da devandita operación.
- Decreto da Alcaldía nº 40/2007, do 2 de Novembro, polo que se pola que se presta aprobación, coa conseguinte autorización e disposición do gasto e recoñecemento de obrigas, a diversas facturas relativas ó suministro de materiais ou prestación de servizos.
- Decreto da Alcaldía nº 41/2007, do 9 de Novembro, pola que se modifica as condicións no servizo de axuda a domicilio de Dna. Josefa Ferreiro Fuente, veciña de San Xulián (Páramo).
- Decreto da Alcaldía nº 42/2007, do 21 de Novembro, pola que pola que se presta aprobación, coa conseguinte autorización e disposición do gasto e recoñecemento de obrigas, a diversas facturas relativas ó suministro de materiais ou prestación de servizos.

Queda decatado o Pleno da Corporación.

6.- MOCIÓNES GRUPOS MUNICIPAIS.-

Don Pablo Armesto Rodríguez, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no concello do Páramo comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que segundo o disposto no artigo 79 da vixente Lei 5/1997 do 22 de Xullo de Administración Local de Galicia, os

Grupos políticos que compoñen a Corporación Municipal teñen dereito a dispoñer dun despacho ou local, para xuntarse de maneira independente e recibir visitas dos cidadáns...

Como queira que esta posibilidade é perfectamente factible tendo en conta a infraestrutura da Casa do Concello e polo que SOLICITO:

Que se acorde a asignación dun despacho, ó Grupo Municipal Socialista deste Concello do Páramo dentro da Casa do concello e se acorde ó mesmo tempo a asignación no futuro Multiusos ó noso grupo político de un local propio e substituindo ó anterior.

Aberto o turno de quendas polo Sr. Alcalde maniféstase que no edificio actual da Casa do Concello non é posible facilitar este local por falta de espazo e na futura casa consistorial estudaríanse as necesidades de locais e as dispoñibilidades existentes. Por outra parte ese local non poder ser para cada grupo político.

O Sr. Concelleiro de TEGA, D. José Luis Díaz López, manifesta que non é admisible dicir pola Alcaldía que se estudiará. Xa no seu momento se falou de adicar un local a este fin.

Intervén a sra. Concelleira do BNG, Dna. M^a Jesús Gil Castro e sinala que ao seu xuízo debe haber un local polo menos, para os grupos da oposición, co fin de que éstos poidan desenvolver as súas tarefas de oposición.

Intervén o Sr. Concelleiro do PSdeG-PSOE, D. Pablo Armesto Rodríguez e manifesta que se non é posible por razóns de espazo dispoñer dun local na actual casa consistorial dende logo débese prever xa para facilitar e garantir este local no novo edificio.

Sometida a votación a proposta contida na Moción presentada, queda rexeitada con 3 votos a favor dos sres. Concelleiros do PSdeG-PSOE e do BNG, 1 abstención do concelleiro de TEGA e 5 votos en contra do grupo municipal popular.

Sometida a votación a proposta de disposición dun local para os grupos da oposición no novo edificio da casa do concello queda rexeitada con 4 votos a favor, dos Sres. Concelleiros do PSdeG-PSOE, TEGA e BNG e 5 votos en contra do Grupo Popular.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía de que se estudie a posibilidade de disposición de local na futura casa do Concello a favor dos grupos da oposición, queda aprobada con 5 votos a favor dos Sres. Concelleiros do Grupo Popular e 4 votos en contra dos Sres. Concelleiros do PSdeG-PSOE, TEGA e BNG.

Don Pablo Armesto Rodríguez, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no concello do Páramo comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que segundo o disposto no artigo 17 do RD 2568/1986 de 28 de Novembro, Artigo 17: todos os Concellais da Corporación disporán na Casa Consistorial de un buzón para a correspondencia oficial interior e a procedente do exterior

Como queira que esta posibilidade é perfectamente factible tendo en conta a infraestrutura da Casa do Concello e polo que SOLICITO:

Que se acorde a compra e asignación a cada concellal de un buzón para a correspondencia interior na Casa do Concello e se acordo ó mesmo tempo asignación no futuro Multiusos falando co Arquitecto de un lugar axeitado para dar traslado físico a ditos buzóns.

Aberto o turno de quendas, o sr. Alcalde sinala que na actual Casa do Concello non é tampouco posible esta instalación dun buzón para a correspondencia e ademais parécelle excesivo que se faga para cada concelleiro.

O Sr. Voceiro do Grupo Municipal PSdeG-PSOE, D. Pablo Armesto Rodríguez, manifesta a súa intención de modifica-la súa proposta presentada no sentido de que a compra dese buzón para a correspondencia interior se ubique pois na futura casa do concello e a súa asignación sexa en favor de cada grupo ou partido político.

Sometida a votación a proposta modificada queda aprobada por unanimidade.

Don Pablo Armesto Rodríguez, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no concello do Páramo comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento

e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN 4/2007 DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO PÁRAMO SOBRE TRASLADO A PLENO DE LECTURA DE SUBVENCÍONS

Exposición de Motivos:

Dada a importancia das subvención para que a Deputación e Xunta conceden ós Concellos pequenos como o é O Páramo. sabedores de que este Concello ten perdidos subvencións e axudas como o foron as de "Creación de Portais WEB", que todos os concellos solicitaron fai tano so uns meses por relatar un exemplo.

Por tódolo anteriormente exposto, propono ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte acordo,

ACORDO:

Que se de traslado a pleno da lectura de todas as subvencións que afectasen á Administración Pública Municipal que saian publicadas no BOP e no DOG ata o día anterior á celebración do Pleno e cales desas subvencións foron solicitadas.

Aberto o turno de quendas, o Sr. Alcalde manifesta que o pleno non está para estas atribucións e por outra parte non sería operativo por razóns de axiliza-lo deesenvolvemento das sesións. Hai outros medios mais adecuados para ter coñecemento das distintas liñas de subvencións. Por iso entende que esta moción debe ser rexeitada.

Intervén o Sr. Voceiro do PSdeG-PSOE e sinala que dado que a xente traballa e non é posible o seguimento dos distintos boletíns oficiais por iso entende que sería interesante que se dese lectura no pleno, en canto que é o órgano supremo de representación municipal, das distintas subvencións publicadas.

Intervén a Concelleira do BNG e manifesta que neste caso o que interesa máis é coñece-las subvencións que non se solicitaron. De tódolos xeitos o pleno é en efecto o órgano municipal máis representativo e por iso entende que

para axilizar estas sesións a celebración das sesións deberían ter periodicidade mensual.

Sometida a votación a moción presentada, queda rexeitada por 4 votos a favor dos Sres. Concelleiros do PSdeG-PSOE, BNG e TEGA e 5 votos en contra dos sres. Concelleiros do Grupo Municipal Popular.

O Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O Páramo, Dna. Begoña González López, ó abeiro da normativa vixente, presenta para o seu debate e aprobación se procece, polo Pleno da Corporación Municipal, a seguinte

MOCIÓN:

CONSTRUCCIÓN DUN NOVO EDIFICIO DA CASA-CUARTEL DA GARDA CIVIL CONXUNTAMENTE CO CONCELLO LÁNCARA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O posto da Garda Civil de Puebla de San Xulián (Láncara) que atende os concellos de Láncara e de O Páramo está actualmente ubicado nunha casa de alquiler que se atopa nunhas condicións de habitabilidade e conservación deficientes.

Polo exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular na Corporación de O Páramo propón ó Pleno da Corporación a toma do seguinte

ACORDO

Que por parte desta Corporación se tome o acordo correspondente e dirixirse así mesmo ó concello de Láncara para que, conxuntamente ámbolos dous concellos, soliciten do Ministerio de Interior a construcción dunha nova Casa-Cuartel.

Aberto o turno de quendas, intervén a Sra. Concelleira do BNG e sinala que está en contra da moción presentada xa que non entende porque a garda civil debe ter unha casa cuartel.

Intervén o Sr. Voceiro do PSdeG-PSOE e sinala a súa abstención neste tema xa que entende que a petición se debería formular polos propios membros da garda civil a través dos seus superiores xerárquicos.

Sometida a votación, queda aprobada a moción presentada con 6 votos a favor dos Sres. Concelleiros do Grupo Municipal Popular e de TEGA, 2 abstencións dos Sres. Concelleiros do PsdeG-PSOE e 1 voto en contra da Concelleira do BNG.

Dna. M^a Jesús Gil Castro, Concelleira do Bloque Naciolista Galego (BNG) na Corporación Municipal de O Páramo, en base á lexislación vixente, presenta a seguinte

MOCIÓN RELATIVA ÁS OBRAS A INCLUIR NO PLAN PEIM DE MEDIO RURAL PARA O BIENIO 2008/2009

Exposición de motivos.-

A Consellería de Medio Rural solicitoulle a ese Concello a achega de propostas de actuacións para o investimento previsto no Páramo dentro do Plan PEIM no próximo ano. Por este motivo, o BNG de O Páramo levou a cabo unha serie de encontros destinados a recoller as necesidades dos veciños e propoñer aquelas melloras que sexan máis acordes á realidade e ás súas necesidades.

Nesa mesma liña, pensamos que é o Pleno da Corporación o lugar no que se deben poñer en común as propostas de todos os grupos políticos e intentar chegar a un acordo sobre a prioridade das accións a remitir a Medio Rural a través dunha proposta consensuada.

A proposta do BNG do Páramo está formulada para a súa execución nos próximos dous anos, e en consecuencia, somete a consideración do Pleno o seguinte ACORDO de inclusión no PEIM das seguintes obras:

ACORDO:

- 1. Puntos de recollidas de auga para usos agrícolas e de prevención de incendios en Piñeiro e Villeiriz.***
- 2. Arranxo da fonte das Eiras e reposición dunha fonte en Vilarmosteiro.***
- 3. Arranxo das seguintes pistas:***

- *Das Eiras ao cruce coa estrada xeral*
- *De Adai ao cruzamento coa pista que vai ao campo de fútbol e a xeral.*
- *De Lamacemón a San Xuliao (ancheir o tramo que falta).*

4. *Rehabilitación das escolas de Saá para local social.*

Aberto o turno de quendas, o Sr. Alcalde manifesta que esta moción chega tarde xa que tivo entrada no rexistro municipal o día 14 e o día anterior os técnicos da propia Consellería de Medio Rural visitaron as obras que no seu día se propuxeran por parte do Grupo de Goberno, dado que o prazo remataba o día 31 de Outubro.

Intervén a Sra. Concelleira do BNG e sinala que as obras propostas na moción son froito dos diversos encontros mantidos cos veciños do Municipio, e non puido presentarse antes xa que a sesión plenaria anterior foi no mes de setembro; entende que estas decisións deberían acordarse no pleno e en canto ao seu retraso ó mellor podería aínda reconsiderarse as obras xa propostas.

Intervén o Sr. Concelleiro de TEGA e sinala a necesidade da instalación, por razóns de visibilidade e seguridade, dun espello en San Xuliao.

O Sr. Alcalde contesta que xa está previsto a súa colocación.

Sometida a votación a moción presentada, queda rexeitada con 4 votos a favor dos Concelleiros do PSdeG-PSOE, TEGA e BNG e 5 votos en contra dos Concelleiros do Grupo Municipal Popular.

Dna. M^a Jesús Gil Castro, Concelleira do Bloque Naciolista Galego (BNG) na Corporación Municipal de O Páramo, en base á lexislación vixente, presenta a seguinte

MOCIÓN SOBRE A ADHESIÓN AO CONSORCIO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

Exposición de Motivos-

O Consello de Xunta de Galiza aprobou o 15 de Xuño do pasado ano a creación do Consorcio Galego de Servizos de

Igualdade e Benestar, para a colaboración na xestión dos servizos sociais no ámbito territorial dos concellos galegos. Naque acordo autorizouse a sinatura do Convenio para a constitución do Consorcio entre a Xunta de Galiza, a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, cunha serie de concellos galegos. Este convenio foi publicado, xunto cos Estatutos do Consorcio, no Diario Oficial de Galiza nº 131 de data 7 de Xullo de 2006.

A día de hoxe, forman parte do Consorcio **un total de 197 entidades lcoais.**

Até 2010, o Consorcio investirá máis de 130 millóns de euros na creación, rehabilitación e xestión de centros de servizos sociais.

Ademáis dos centros que prevé incorporar, o Consorcio permitirá a construción dun total de 121 novos centros na área de Igualdade -escolas infantís- e de 77 novos centros na área de benestar -entre residencias, minirresidencias e centros de día para a terceira idade e centros de atención á discapacidade-.

Se prevé que o Consorcio poida xera máis de 4000 empregos nos distintos concellos implicados na súa actividade. Os centros en materia de igualdade xestionados polo Consorcio poderán xerar un total de 2000 postos de traballo directos nos concellos en que se atopen e, no caso dos centros da área de benestar, poderán supoñer case 1700 empregos directos e máis de 300 indirectos.

A creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar responde a varis finalidades fundamentais para o BNG: **Necesidade de garantir a responsabilización pública e a cooperación interadministrativa** na efectiva prestación de servizos sociais de ámbito local, en termos de equilibrio territorial na súa distribución, en condicións de calidade, e baixo o principio básico de proximidade. **Modificar o modelo de prestación de servizos sociais existente**, co fin de paliar as deficiencias que nestes momentos presenta: oferta insuficiente, carácter fragmentario e descontinuo a efectos de xestión e cobertura territorial, e falla de mecanismos efectivos de coordinación entre os sistemas de protección social e os propios axentes. **Implantación dun modelo homoxéneo na prestación** de servizos sociais para garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos

de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente; incremento dos niveis de cobertura, intensidade e horario de atención dos distintos servizos e prestacións; distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación –asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu entorno propio; contribuir á mellora das condicións de vida e sociais das persoas que presentan especiais necesidades de protección social nos concellos galegos, ao respecto da súa autonomía persoal, e calidade de vida persoal, familiar e de grupo.

As dúas áreas en que traballa o Consorcio son a de Igualdade e a de Benestar. Na primeira delas trabállase pola conciliación da vida laboral e persoal, para o que se crea a Rede Galega de Escolas Infantís (Galescolas) e púlase pola igualdade e a protección das mulleres vítimas de malos tratos. No terreo do Benestar o principal proxecto é a creación da Rede Pública de Atención á Terceira Idade e á Dependencia, na busca, entre outros aspectos, de mudar neste eido a relación de dependencia dos concellos respecto da Xunta de Galicia. Outros dos ámbitos de actuación focalizados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar será a loita contra a pobreza e a exclusión social, estratexia que se desenvolverá sobre a base do II Plan Galego de Inclusión Social.

Coa creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, arbrábase unha **fórmula innovadora de xestión** no eido das políticas de provisión de servizos sociais, orientada á garantir, en calquera caso, a prestación dun servizo de calidade e con niveis suficientes de cobertura poboacional e territorial.

A Administración Autonómica forma parte do Consorcio como consecuencia de competencias que lle son propias: a planificación e programación e a ordenación e coordinación do sistema de servizos sociais galegos, en coherencia coas notas centrais que o caracterizan como sistema integrado e de responsabilidade pública.

Con pleno respecto ao principi de autonomía local, a administración directa dos centros será exercida polos concellos integrantes do Consorcio que así o soliciten, e sempre de acordo ás directrices xerais emanadas do

mesmo. A prestación de servizos por parte do Consorcio n o é en modo algún substitutoria de competencias municipais, senón unha **ferramenta de complementariedade e apoio para os concellos** que subministra orientación estratéxica, planificación e asistencia prestacional, especialmente naqueles casos en que os concellos, previsiblemente en atención á súa imposibilidade e/ou insuficiencia na prestación, expresamente o soliciten.

O noso concello precisa adherirse ao Consorcio para poder participar do mecanismo máis útil para lograr que os veciños e veciñas da nosa localidade podan disfrutar de servizos sociais públicos, de calidade e correctamente xestionados e financiados.

É por todo isto que propomos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

- 1. Adhesión do Concello ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.**
- 2. Facultar á Alcaldía a formalizar a adhesión do Concello ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para o que, previamente, deberá aprobarse nunha próxima sesión plenaria os Estatutos de adhesión ao Consorcio e o nomeamento do/a representante do Concello no citado Consorcio.**

Aberto o turno de quendas, o Sr. Alcalde manifesta que dado que no seu día se solicitou a construción dun centro de día no municipio, o seu grupo está a favor tamén desta moción presentada.

Sometido a votación, a moción presentada queda aprobada por unanimidade.

Antes de pasar ao turno de Rogos e Preguntas, sométese á consideración do Pleno a inclusión , por razóns de urxencia , na Orde do Día da moción do Grupo Municipal Socialista sobre o exercicio das competencias que lle son propias ó Concello en materia de recollida de animais abandonados.

Sometida a votación a previa declaración de urxencia, queda rexeitada a mesma con 3 votos a favor dos Sres.

Concelleiros do PSdeG-PSOE e do BNG, 1 abstención do Sr. Concelleiro de TEGA e 5 votos en contra dos Sres. Concelleiros do Grupo Municipal Popular.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Dase conta dos seguintes rogos e preguntas formulados:

ROGOS

- Rogo da Sra. Concelleira do BNG da necesidade de celebrar un acto informativo sobre a nova lei de prevención de incendios forestais, a levar a cabo polo servizo de montes da Consellería de Medio Rural, sobre todo no relativo as distancias das prantacións ás vivendas.
- Rogo da Sra. Concelleira do BNG para que se facilite o acceso aos grupos políticos a un local ou instalación pública co fin de celebrar as distintas xuntanzas que sexan necesarias, solventando así as actuais dificultades nesta materia.
- Rogo da Sra. Concelleira do BNG para que se realicen as correspondentes xuntanzas por parroquias co fin de explicarlle ás distintas asociacións de veciños, as normas para a súa organización e facilitándolles os trámites para a súa constitución.
- Rogo da Sra. Concelleria do BNG para que no futuro toda a correspondencia relacionada coa súa tarefa de concelleira se lle envíe por correo electrónico, cancelándose así o correo ordinario, e de seguir enviándolle se fagan impresas as follas por ámbalas dúas caras.

PREGUNTAS

- A Sra. Concelleira do BNG pregunta á Alcaldía pola existencia de denuncia en relación coa execución dunha construción en zona pública en Salgueiredo.

O Sr. Alcalde contesta que non tén constancia desta actuación polo que se procederá a comprobación dos devanditos feitos.

- A Sra. Concelleira do BNG pregunta á Alcaldía polas diversas incidencias ou denuncias que se están a producir no lugar de Pacios de Friolfe, e que incluso motivaron a queixa ante o Valedor do Pobo.

O Sr. Alcalde contesta que se trata dun tema que non tén unha explicación fácil e que se ampliará a información non vindeiro Pleno.

- O Sr. voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, pregunta á Alcaldía polos criterios obxectivos que se seguen na concesión de tarxeta de minusvalía, xa que según informacións noutros concellos como o de Sarria parece que se seguen criterios máis flexibles.

O Sr. Alcalde contesta que hai unha ordenanza municipal reguladora que é a que rexe estas concesións, e en todo caso, darase máis información nun vindeiro Pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar no orde do día , pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 23,00 horas do día Vintenove de Novembro de 2007, de todo o cal eu o Secretario dou fe.